

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I CATEDRAL DE SANTIAGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE DOUS CURSOS MOOC.

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Universidade de Santiago de Compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións básicas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia, e a S.A.M.I. Catedral de Santiago para o axeitado desenvolvemento de dous cursos MOOC (cursos en liña abertos e masivos), da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, no ano 2023, coa finalidade de fomentar a difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación, con especial fincapé en Iberoamérica, empregando plataformas que nos permitan a maior difusión e impacto da actividade.

MOOC 1: A proxección internacional do Camiño de Santiago. Asociacións, Hospitalidade e Peregrinos.

MOOC 2: A cidade de Santiago, meta internacional da peregrinación. Topografía xacobeá.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a axencia pública autonómica creada co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e,



en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

A Axencia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

Segundo o Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, as Cátedras Institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto con empresas como con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia) coa finalidade do desenvolvemento e o incremento da oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura, da calidade de vida e ao desenvolvemento sustentable da sociedade.

Terceiro.- Que a S.A.M.I Catedral de Santiago, meta da peregrinación xacobeá, garda a memoria e conserva as pegadas que os peregrinos foron deixando ao longo da Historia. Legado que adquire a múltiple forma e variedade da produción artística, documental e espiritual evocativa significativa que se fai patente na magnificencia dos bens culturais materiais e inmateriais que a configuran. Ademais, e desde as súas orixes, a Catedral procurou a promoción da cultura, o saber e a súa transmisión xunto coa asistencia, acollida e coidado dos peregrinos en todas as súas diversas circunstancias. Igualmente na actualidade segue sendo obxecto de estudo e investigación e suxeito activo e promotor das devanditas actividades a través de publicacións, congresos e outros medios.

Cuarto.- Por medio do convenio asinado o 19 de agosto de 2016 creouse a Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións. O citado convenio foi renovado



mediante diferentes acordos subscritos polas Partes, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

A Axencia Turismo de Galicia está interesada en promover a docencia, investigación, desenvolvemento e a innovación do Camiño de Santiago e a peregrinación, polo que desexa colaborar coa USC e coa Catedral de Santiago, dando continuidade a colaboración para o desenvolvemento da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

A Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, polas razóns expostas de interese público, colaborar economicamente no desenvolvemento de dous cursos MOOC ao abeiro da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións. Non é posible promover unha convocatoria pública de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, ao ser a USC a única entidade organizadora da cátedra.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

